

A LITERATURA MEDIEVAL GALEGA

Coñecemos como **literatura medieval** o conxunto de textos, fundamentalmente de expresión lírica, producidos no período que va desde finais do século XII a mediados do século XIV.

Cómpre entendela como unha manifestación cultural que desenvolveron as clases altas daquel tempo, a carón doutras actividades de lecer como a caza, o baile, os xogos... Estes textos son, xa que logo, creacións de ambiente nobiliario, aínda que por veces a natureza adquira neles un papel preponderante.

Existe unha **primeira etapa – primitiva** – na que se atopan os textos conservados máis antigos, que vai desde fins do século XII á primeira metade do século XIII. Adóitase sinalar a composición “*Ora faz ost’o señor de Navarra*”, unha cantiga de Johán Soarez de Paiva, como o texto fundacional da literatura galega.

Este iría seguida dunha etapa chamada de **florecemento**, que cadra cos reinados de Afonso X o Sabio, Afonso III e don Dinís; estes dous últimos, reis de Portugal. Ocupa a segunda metade do século XIII e a primeira do XIV.

Por último, teríamos un período de **decadencia**, que abrangería a segunda metade do século XIV e todo o século XV.

1.- A partir do século VIII, en Galicia instáurase un modelo de sociedade coñecido como **feudalismo**.

2.- Os textos medievais chegaron ata nós a través de **manuscritos**. (cantigas, lírica profana, lírica relixiosa, cancioneros)

3.- A **lírica medieval** non estaba concibida para ser lida, senón para a súa declamación ante o auditorio dunha corte, case sempre con acompañamento musical. Na súa transmisión participaban **trobadores, xograres, menestreis e soldadeiras**.

4.- As cantigas **de amor** (temáticas e recursos)

5.- As cantigas **de amigo** (temáticas, recursos, tipos e outros xéneros menores)

6.- As cantigas de **escarnio e maldicir** (temáticas e recursos)

7.- As cantigas de **Santa María** (temáticas e recursos)

8.- A **Prosa medieval**